



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA
ECONÓMICA A CONCELLOS
SECCIÓN I

ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS

Base 58 de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2025

**GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS
ABERTAS:**

1. **Resolución da Presidencia núm. 2602/2025, con data do 22/01/2025, que aproba o primeiro pago da asignación do exercicio 2025.**



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

PRESIDENCIA

Expediente: 2025000002629

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PRIMEIRO PAGO DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2025 AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 249 do 27 de decembro de 2024 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2025 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regulamenta a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego un importe semestral de **30.000,00 €** de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Hai crédito orzamentario suficiente na aplicación 0000/91202/480 para atender a asignación provincial proposta, tal como se acredita no documento contable RC 220250000246.

En virtude dos antecedentes,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación /0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao primeiro pago da asignación do 2025, por un importe de **30.000,00 €** a prol do Grupo político provincial BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (NIF: V70477419) e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES94 2080 0043 1630 4002 6661.

SEGUNDO.- O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base 58ª de execución do orzamento 2025.

TERCEIRO.- Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gasto haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle dou aos fondos librados anticipadamente como “pago a xustificar”, xunto co informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial, tal e como se regula na base 58ª de execución do orzamento provincial.

CUARTO: O pago da asignación ten a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixen a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos dez primeiros días do mes de decembro do exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

QUINTO: A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas na base 58ª de execución do orzamento.

SEXTO: Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente.

SÉPTIMO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicárase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

OCTAVO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.